

Resolución do 13 de decembro de 2019 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario nos corpos da policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 (DOG núm. 115, do 19 de xuño) pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 13 de decembro de 2019, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195, do 14 de outubro), quere informar de que:

Primeiro.- Os resultados obtidos nas probas psicotécnicas realizadas o pasado día 9 de decembro, segundo establece a convocatoria serán contrastados mediante probas individuais que consistirán na contestación a un cuestionario formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estados psicolóxico das persoas aspirantes e levaranse a cabo os días 17, 18 e 19 de decembro nos horarios e quendas que se establecen como anexo a esta resolución.

Segundo.- A especial natureza destas probas, consistentes en entrevistas persoais, determina que se teñan que extremar todas as precaucións posibles para asegurar a transparencia do proceso e evitar sospeitas de arbitrariedade, e situacións de indefensión dos/as aspirantes. Por estes motivos, **este Tribunal acordou a procedencia da gravación audiovisual das entrevistas.**

Esta gravación concíbese por este Tribunal como garantía e dereito do/a aspirante, que no suposto de impugnación do resultado da proba, o órgano encargado de resolver o recurso poida examinar de modo obxectivo o seu contido e as circunstancias da súa realización.

Polo tanto, ao inicio da entrevista procedérase por parte dos membros do Tribunal presentes de informar aos/as opositores da filmación da mesma.

Non obstante, os dereitos e finalidades citados deben conciliarse coa necesidade da salvagarda dos dereitos á intimidade e a propia imaxe, así como a protección dos datos de carácter persoal, as gravacións usaranse exclusivamente neste proceso selectivo no suposto de que sexa necesario, e destruíranse unha vez rematados todos os prazos legais do mesmo.

No suposto de que un/unha aspirante non autorizase a súa gravación, deberá deixar constancia de tal negativa de xeito documental.

Terceiro.- O chamamento será único. As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade.

Debido a especificidade da proba, os horarios publicados son orientativos.

A Estrada, 13 de decembro de 2019

O presidente do Tribunal

Alejandro Tuero Gonzalez

